



# O Cabeso

Voceiro da Asociación Amigos da Dorna - Portonovo • Núm. 0 1999

A TODA VELA



AMIGOS DA DORNA é unha asociación cultural fundada en Portonovo a principios de 1998 e que ten como obxectivo fundamental o estudio e a defensa da nosa cultura mariñeira, e máis en concreto a recuperación das embarcacións tradicionais das nosas rías e dentro delas a máis coñecida, a dorna.

Pretendemos que este boletín informativo que tes nas túas mans sexa un elemento de difusión de dita cultura mariñeira, así como un camiño para dar a coñece-la nosa Asociación e as actividades que realizaremos ó longo deste ano.

Esperamos que este boletín teña continuidade no tempo, así como que medre en calidade e en número de páxinas e información.

Temos que agradece-la confianza das empresas que colaboran connosco neste número e que fan que este folleto se reparta gratuitamente. Estamos abertos a todo tipo de colaboracións tanto de organismos oficiais (Concello, Cofradía, Clube Náutico,...) como de veciños e particulares que nos queiran axudar no desenvolvemento do noso mar e a súa cultura.



Cando fundamos a Asociación, un dos obxetivos básicos era a recuperación da embarcación coa que traballaron moitos mariñeiros de Portonovo ata os anos cincuenta, a Dorna Xeiteira, embarcación adicada a arte do xeito e na que catro ou cinco homes pasaban ata quince días chegando a Ribeira ou a Fisterra.

Pois ben, ese obxectivo está a piques de se conseguir. Nos asteleiros dos irmáns Ayaso de Aguiño está prácticamente rematada unha dorna xeiteira de máis de seis metros de eslora; vai se-lo buque insigne da Asociación e será bautizada co nome de JATIÑA. Esperamos poder realiza-la botadura polo mes de Maio, pois áinda nos falta aparellala e face-la vela.

# BRETEMA

CENTRO DE ESTUDIOS

— E. Primaria

— E. Secundaria

— F.P.

— Selectivo

— B.U.P. - C.O.U.

— Idiomas

Trav. Arenal, 35 - 1º - Tfno. 986 69 13 68 - PORTONOV

# O Cabeso

**O NOSO ENDEREZO.** Para calquer tipo de colaboración ou consulta que precisedes, estamos no Bar Baiuca de Portonovo (Rúa Valenzuela, nº 6) e no teléfono 986 72 37 02.



**DORNAS A VELA.** A recuperación da dorna como embarcación de vela fai que moita xente nova pense na posibilidade de ter unha. Hai dúas posibilidades: ou darse unhas voltas por Ribeira, Aguiño ou a Illa de Arousa na procura dunha de segunda man, ou mandar facer unha nova. Domingo Ayaso, en Aguiño, e o Sr. Moncho, na Illa de Arousa, son dous dos poucos carpinteiros de riveira que seguen a construir dornas. Unha de nove cuartas (ó redor de 4.70 m. de eslora) ven saíndo por unhas 200.000 pts.

En canto á vela, varía moito de prezo segundo o material ou trapo que se escolla. Para isto, o mellor é falar co mestre velero Ramonet, de Vilagarcía, un verdadeiro experto na arte de facer velas.

**¿QUE PASA COS PANTALÁNS?** Increíblemente o Porto de Portonovo debe ser dos poucos portos pesqueiros de Galicia que non conta con pantaláns para os botes e pequenas embarcacións que facilitaría moito o acceso as barcas e eliminaría o caos que hai na actualidade. A solución pasa por que o organismo responsable do Porto de Portonovo instale dous ou tres pantaláns, como os que teñen o Clube Náutico ou a Xunta no peirao do Chasco.



**CLUBES DE DORNAS.** Para que o saibades, o tema das dornas vai moi en serio; e si non fixádevos na cantidade de asociacións e clubes de dornas que hai na veciña ría de Arousa; aquí tedes os enderezos dalgunhas delas:

- Amigos da Dorna Meca: Avda. Hnos. Otero, nº 13. 36980 O Grove.
- Real e Ilustre Cofradía da Dorna: Rúa Rosalía de Castro, nº 13. 15960 Ribeira.
- Asociación Cultural Dorna. Casa da Cultura. 36626 Illa de Arousa.
- Asociación Náutica Joritas. Rúa Nova, nº 4. 36630 Cambados.



PROXIMA  
APERTURA

- EFECTOS NAVAIS
- DEPORTES NÁUTICOS
- PESCA
- CEBO VIVO


Ctra. A Lanzada, 36 - Telf./Fax 986 69 05 56  
Móvil 619 53 40 56 - 36970 PORTONOV (Pontevedra)

Café - Bar

BAIUCA

C/. Ramón Valenzuela, 6 - Telf. 986 72 37 02 - PORTONOV

# OS ÚLTIMOS DORNEIROS



Son os últimos dorneiros de Portonovo: Sr. Albino (Estrella), Sr. José (Zapate) e Sr. Atiano (Serviola) suman moitos anos navegando pola Ría de Pontevedra en dorna. Agora, xa xubilados, seguen saíndo ó mar nas súas dornas, e cando voltan á porto e se teñen o vento de popa, aínda izan a pequena vela cuadrada que os vai levando á terra. Son os últimos dorneiros de Portonovo e ogallá non sexan os derradeiros.